XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE
INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

ANEXO I

PROCEDEMENTO	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO	DOCUMENTO
EXERCICIO DA NAVEGACIÓN E FLOTACIÓN	AU214A	DECLARACIÓN

DATOS DA PERSOA DECLARANTE

NOME/RAZÓN SOCIAL | PRIMEIRO APELIDO | SEGUNDO APELIDO | NIF

TIPO | NOME DA VÍA | NUM | BLOQ | ANDAR | PORTA

PARROQUIA | LUGAR

CÓDIGO POSTAL | PROVINCIA | CONCELLO | LOCALIDADE

TELÉFONO | FAX | TELÉFONO MÓBIL | CORREO ELECTRÓNICO

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

NOME/RAZÓN SOCIAL | PRIMEIRO APELIDO | SEGUNDO APELIDO | NIF

DATOS PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN

Notifíquese a: ◯ Persoa ou entidade declarante ◯ Persoa ou entidade representante

Enviaranse avisos da posta á disposición da notificación ao correo electrónico e/ou teléfono móbil facilitados a seguir:

TELÉFONO MÓBIL | CORREO ELECTRÓNICO

ELECCIÓN DO MEDIO DE NOTIFICACIÓN PREFERENTE

As persoas obrigadas a relacionarse a través de medios electrónicos coa administración deberán optar, en todo caso, pola notificación por medios electrónicos sen que sexa válida para elas, nin produza efectos, unha opción diferente.

◯ **Electrónica** a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, https://notifica.xunta.gal. Só se poderá acceder á notificación co certificado electrónico asociado ao NIF da persoa indicada.

◯ **Postal** (cubrir o enderezo postal só se é distinto do indicado anteriormente)

As notificacións que se practiquen en papel estarán tamén á disposición da persoa indicada anteriormente no Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, para que poida acceder ao seu contido de forma voluntaria.

TIPO | NOME DA VÍA | NUM | BLOQ | ANDAR | PORTA

PARROQUIA | LUGAR

CÓDIGO POSTAL | PROVINCIA | CONCELLO | LOCALIDADE

DATOS DA EMBARCACIÓN (para o suposto de varias embarcacións achegarase un cadro separado coas súas características)

Nº DE EMBARCACIÓNS | TIPO | MATERIAL DO CASCO

ESLORA | MANGA | Nº MÁXIMO DE OCUPANTES

EMBARCACIÓNS A VELA

ALTURA MÁXIMA DO MASTRO

EMBARCACIÓNS A MOTOR

MARCA E MODELO DA EMBARCACIÓN | Nº DE SERIE DA EMBARCACIÓN

Nº DE MOTORES | TIPO DE MOTOR | MARCA | POTENCIA (en C.V.R)

Nº DE SERIE DE MOTORES | CICLO OPERATIVO | COMBUSTIÓN

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE
INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

ANEXO I
(continuación)

LUGAR DA NAVEGACIÓN (para o suposto de varias localizacións achegarase un cadro separado)

PROVINCIA

CONCELLO

ENCORO OU RÍO

TREITO

PERÍODO NO QUE SE VAI A EXERCER A NAVEGACIÓN

◯ Ata o 31 de decembro do ano en curso (validez máxima da presente declaración responsable).

◯ Outro inferior a 12 meses entre as seguintes datas (día/mes/ano) : e

USO E ACTIVIDADE

USO

◯ Particular ◯ Empresa ◯ Clube/Federación ◯ Entidade pública

ACTIVIDADE

◯ Deportiva ◯ Recreativa ◯ Transporte ◯ Aluguer

◯ Cursos ◯ Salvamento/Vixiancia ◯ Estudos científicos ◯ Militar

◯ Proba ou descenso puntual ◯ Transporte madeira

◯ Outros (definir):

A PERSOA DECLARANTE OU REPRESENTANTE DECLARA:

Que os datos consignados na presente declaración son certos e que cumpre cos requisitos establecidos na lexislación de augas para o exercicio da navegación no ámbito territorial de Galicia-Costa, que dispón da documentación que así o acredita e que se compromete a manter o seu cumprimento durante o tempo inherente ao dito recoñecemento ou exercicio. Manifesta que coñece, acepta e comprométese a cumprir os seguintes requisitos para o cumprimento da declaración responsable, polo que declara que:

1. Coñece que esta declaración non suporá monopolio nin preferencia de clase algunha a favor da persoa declarante, podendo suspenderse temporal ou definitivamente pola Administración por razóns de seguridade, salubridade ou outros motivos xustificados, sen que a persoa declarante teña dereito a indemnización algunha.
2. Responde de que as súas embarcacións cumpren coa lexislación vixente en canto a estabilidade destas, elementos de seguridade de que deben dispoñer e bo estado de conservación daquelas.
3. Coñece que a excepción da navegación realizada con motivo de descenso de ríos, probas deportivas e outras ocasións similares de carácter esporádico, as embarcacións deben ir provistas dunha matrícula normalizada.
4. As embarcacións van provistas dos elementos de seguridade e salvamento necesarios para os ocupantes (chalecos e flotadores salvavidas de cores vivas, sinais acústicos e luminosos, etc), conforme á normativa vixente.
5. Respecta os sinais e balizamentos que existisen sobre zonas prohibidas ou outras afeccións e limitacións.
6. Respecta as normas sobre cruces e alcances contidas no vixente Código da Circulación e, en todo caso, o Regulamento de Abordaxes e o Convenio de Seguridade da Vida no Mar.
7. Cumprirá as disposicións da Lei de Pesca Fluvial e normativa concordante, as disposicións específicas que no seu caso sinalen os Organismos competentes en materia de calidade ambiental, e, en xeral, as normas de carácter industrial, laboral, administrativo e fiscal que sexan de aplicación.
8. Exerce a navegación dispoñendo de cantas autorizacións poidan ser necesarias doutras Administracións de cuxa obtención non queda eximida a persoa declarante.
9. Non practicará a navegación nos tramos e épocas donde a Administración prohibise a navegación. Non practicará a navegación nocturna. Non practicará a navegación:
   - No encoro de Caldas de Reis por supor un risco para os abastecementos situados inmediatamente augas abaixo, debido aos diversos episodios de floracións de cianobacterias que se veñen producindo dende o ano 2007.
   - No lago mineiro de As Pontes por cuestións de seguridade.

   Queda prohibido o exercicio de todas as actividades de navegación e flotación nas zonas onde existan captacións de auga de consumo humano ou zonas de baño.
10. Posúe o título suficiente, segundo a normativa vixente, para o goberno das embarcacións declaradas e responde pola suficiencia do título dos que manexen as embarcacións, no caso de que a presente declaración se realice para o uso dunha pluralidade de embarcacións.
11. Coñece que a perigosidade inherente ao exercicio da navegación e flotación en augas continentais polo que se compromete a controlar en todo momento a súa embarcación e asume os riscos que poidan resultar desta. Para estes efectos dispón da seguinte póliza de seguros e consigna o número de póliza no recadro correspondente.

Número de póliza: Período de vixencia de ata

- As embarcacións de propulsión a motor ou vela con eslora superior a 4 metros deberán estar aseguradas contra danos a terceiros mediante a correspondente póliza de seguro.
- En calquera caso, a persoa declarante cumpre co previsto no Real decreto 607/1999, do 16 de abril, polo que se aproba o Regulamento do seguro de responsabilidade civil de subscrición obrigatoria para embarcacións de recreo ou deportivas.
- A persoa declarante coñece que, calquera que sexa o prazo para esta declaración responsable de navegación, esta carecerá de validez fóra do período de vixencia da póliza de seguro.

A PERSOA DECLARANTE OU REPRESENTANTE DECLARA (continuación)

12. Que cumprirá co correspondente Protocolo de Desinfección de Embarcacións.
13. Así mesmo, no caso de que a persoa declarante vexa algún animal de características similares ao mexillón cebra, ou sospeita da súa presenza, comprométese a poñelo en coñecemento inmediato de Augas de Galicia ou do Seprona.
14. Coñece que en ningún caso a Administración será responsable do mantemento dos niveis da auga, nin dos danos persoais ou materiais, producidos por un réxime hidráulico excepcional do río ou por colisión con calquera tipo de obstáculo presente no curso ou no leito, ou como consecuencia do descenso dos niveis de auga, correspondéndolle á persoa declarante valorar o risco existente no desenvolvemento da actividade e adoptar as medidas necesarias para minimizalo.
15. Coñece que se para realizar a actividade con suficientes niveis de seguridade fose necesario acometer labores na canle ou nas súas marxes, deberá solicitar autorización ao Organismo de conca coa suficiente antelación, para a que se valorará a súa compatibilidade coa preservación do medio natural e co resto de aproveitamentos do dominio público hidráulico existentes, non entendéndose outorgada esta coa tramitación da presente declaración.
16. Xunto coa presente declaración achega xustificante de ter satisfeita a correspondente taxa conforme ao establecido na Lei 6/2003, de 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, coa contía fixada na lei de presupostos vixente.
17. Cumprirá as instrucións e indicacións do persoal de Augas de Galicia así como dos membros das forzas e corpos de seguridade, que poderán realizar en calquera momento as inspeccións que se consideren pertinentes.
18. Coñece que a presente declaración deberá presentarse ante Augas de Galicia cunha antelación mínima de 20 días hábiles antes de iniciar a actividade, contados a partir da data de rexistro de entrada desta declaración responsable nas oficinas do Organismo de Conca, e que non se rexistrarán as declaracións responsables enviadas por e-mail, fax ou calquera outro medio que non establezan as disposicións vixentes.
19. Coñece que en caso de incompatibilidade da declaración responsable cos fins e integridade do dominio público hidráulico, Augas de Galicia notificará á persoa declarante a imposibilidade de levar a cabo a actividade.
20. Coñece que en caso de cumprimento de todos os requisitos esixidos para a navegación e flotación, a persoa declarante poderá exercer a actividade transcorridos 20 días hábiles desde a entrada da declaración responsable nos rexistros das oficinas de Augas de Galicia, e exercerá a actividade conforme ao manifestado e no prazo de tempo indicado, non podendo realizarse a actividade, salvo que se presente nova declaración responsable, no caso de non a ter exercido no prazo citado.
21. Coñece que a inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, de calquera dato, manifestación ou documento que se acompañe ou incorpore a unha declaración responsable, ou a non presentación ante Augas de Galicia da declaración responsable, determinará a imposibilidade de exercer a actividade afectada dende o momento en que se teña constancia de tales feitos, sen prexuízo das responsabilidades penais, civís ou administrativas a que houbese lugar, podendo a resolución que declare tales circunstancias, determinar a obriga de repoñer as cousas ao estado previo ao inicio da actividade, así como a imposibilidade de instar un novo procedemento co mesmo obxecto durante un período de tempo determinado.

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA

☐ Taxas administrativas devengadas pola tramitación da declaración.

☐ Calquera outra documentación que se considere oportuno presentar.

COMPROBACIÓN DE DATOS

Os documentos relacionados serán obxecto de consulta ás administracións públicas. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente e achegar unha copia dos documentos.	OPÓÑOME Á CONSULTA
DNI/NIE da persoa declarante	☐
NIF da entidade declarante	☐
DNI/NIE da persoa representante	☐

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

Responsable do tratamento	Xunta de Galicia. Consellería ou entidade a que se dirixe esta solicitude, escrito ou comunicación.
Finalidades do tratamento	A tramitación administrativa que derive da xestión deste formulario e a actualización da información e contidos da carpeta cidadá.
Lexitimación para o tratamento	O cumprimento dunha tarefa en interese público ou o exercicio de poderes públicos segundo a normativa recollida no formulario, na páxina https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos e na ficha do procedemento na Guía de Procedementos e Servizos. Consentimento das persoas interesadas, cando corresponda.
Persoas destinatarias dos datos	As administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que as persoas interesadas poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.
Contacto delegado de protección de datos e máis información	https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais

Actualización normativa: no caso de existiren diferentes referencias normativas en materia de protección de datos persoais neste procedemento, prevalecerán en todo caso aquelas relativas ao Regulamento xeral de protección de datos.

LEXISLACIÓN APLICABLE

Real Decreto Lexislativo 1/2001, de 20 de xullo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Augas.
Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia.
Real Decreto 849/1986, do 11 de abril, polo que se aproba o Regulamento do Dominio Público Hidráulico.
Real Decreto 1332/2012, do 14 de setembro, polo que se aproba o Plano Hidrolóxico da Demarcación Hidrográfica Galicia-Costa.
Orde do 9 de xuño de 2016 pola que se adaptan e incorporan á sede electrónica da Xunta de Galicia os procedementos administrativos de prazo aberto da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio.
Orde do 18 de xuño de 2019 pola que se modifica a Orde do 7 de abril de 2016 pola que se adaptan e habilitan electronicamente os procedementos administrativos de prazo aberto da Consellería de Infraestruturas e Vivenda.

SINATURA DA PERSOA DECLARANTE OU REPRESENTANTE

Lugar e data

_____ , _____ de _____ de _____